



UNIVERSIDADE
DE VIGO

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 20 de decembro de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de novembro de 2019.
- * Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario de 2020.
- * Aprobación do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2020.
- * Aprobación do acordo para a mobilidade entre campus do PDI con vinculación permanente con carácter previo á creación de novas prazas ou cobertura de vacantes.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade e Profesorado Contratado Doutor correspondentes ao 15% das OEP de 2018 e 2019 reservado para investigadores Ramón y Cajal con certificación I3, e a creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación dos criterios para autorizar a prestación de servizos a tempo parcial en empresas da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da proposta de cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
- * Aprobación da composición do Comité de Xestión do Risco Biolóxico.

Vigo, 20 de decembro de 2019

O secretario xeral



Miguel Angel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.